


UD 9


ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES E ORDENAMENTO NORMATIVO AUTONÓMICO, CONSTITUCIONAL E SUPRANACIONAL

1. TIPOS DE ESTADO

Ao longo da Historia sucedéronse diferentes tipos de Estados, entre outros:



ESTADOS ACTUAIS: Formas e tipos



a) ESTADOS DEMOCRÁTICOS

MONARQUÍAS E REPÚBLICAS

- **Monarquías parlamentarias.** A máxima autoridade é o rei/raíña, pero a soberanía tena o pobo. O rei/raíña exerce a función de xefe de Estado, pero non goberna. Debe xurar fidelidade á Constitución e o seu cargo é vitalicio e hereditario.
- **Repúblicas parlamentarias.** As funcións de xefe de Estado son exercidas polo Presidente da República, elixido por toda a cidadanía. O goberno está nas mans do Primeiro Ministro ou Presidente do Goberno.

ESTADOS LIBERAIS E ESTADOS SOCIAIS

- Un **Estado liberal** trata de non interferir na economía das empresas nin nas relacións sociais. Considera que a economía debe funcionar segundo a lei do mercado, que regularán os prezos e as condicións laborais, o que creará riqueza e traballo.
- Un **Estado social** defende a necesidade de intervir nalgúns ámbitos económicos e sociais. Por en marcha instrumentos como pensións, subsidios de paro, soldos mínimos, sanidade pública, ensino obrigatorio, para conseguir a maior igualdade para todos os cidadáns e cidadás.

ESTADOS CENTRALISTAS E ESTADOS DESCENTRALIZADOS

- **Estado centralizado.** As decisións do goberno central afectan a todos os territorios integrantes do Estado.
- **Estado descentralizado.** O poder se comparte cos diferentes territorios que integran o Estado, quen delega competencias nos territorios.

b) ESTADOS NON DEMOCRÁTICOS

- **Monarquías absolutas.** O rei concentra todo o poder (lexisla, goberna, xulga) ou escolle directamente a quen exerce esas funcións no seu nome.
- **Ditaduras.** Unha persoa co apoio dun partido político, un grupo étnico ou o exército, goberna con poder absoluto.

2. O ESTADO COMO ORGANIZACIÓN POLÍTICA DA SOCIEDADE

O **ESTADO** é un conxunto de institucións creadas para regular a vida e a actividade das persoas que viven nun territorio delimitado por fronteiras, gobernado polas mesmas leis e baixo un mesmo poder. A súa poboación caracterízase por ter dereitos e obrigas iguais para todos/as. Nun Estado conviven persoas de culturas e nacionalidades distintas. Pode darse a posibilidade de autonomías de territorios dentro dun Estado.

No exercicio do poder, o Estado realiza distintas **funcións**:

- Establecer as leis que regulan as relacións sociais da poboación do Estado, poder lexislativo que reside no Parlamento.
- Facer cumprir as leis e, en caso de incumprimento, actúa o poder xudicial.
- Manter a orde no interior do territorio e responsabilizarse da súa protección exterior (forzas e corpos de seguridade: policía, exército).
- Desenvolver a política exterior (Relacións internacionais con outros Estados).
- Recadar impostos e distribuílos para a financiación de servizos públicos e infraestruturas, axudas para igualar os territorios, prestacións da Seguridade Social.

- Dirixir a economía, con leis para regular a actividade empresarial e o mercado laboral.
- Administrar servizos públicos (educación, sanidade) e xestionar infraestruturas e equipamentos colectivos (estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, bibliotecas, etc.).

Os **ELEMENTOS** que caracterizan os **ESTADOS DEMOCRÁTICOS** son:

- **Constitución:** Lei fundamental aprobada polos cidadáns/ás por referéndum. Establece:
 - Forma de goberno.
 - Dereitos e deberes.
 - Institucións.
 - Funcionamento do Estado.
- **Eleccións.** Para que sexan democráticas deben ser:
 - **Libres**, para que todos os cidadáns/ás se poidan presentar como candidatos e desenvolver a campaña electoral.
 - **Plurais**, de xeito que deben presentarse varias opcións aos electores.
 - **Sufraxio universal**, polo que todos os cidadáns/ás maiores de idade poden participar como electores/as, sen ningún tipo de discriminación.
 - **Periódicas**, con celebración de eleccións cada certo tempo.
- **Partidos políticos** que presentan aos cidadáns/ás os seus programas electorais e os candidatos e candidatas que concorren ás eleccións. Segundo os resultados, a cada partido correspóndelle un número de deputados/as no parlamento (democracia representativa).
- **División de poderes:**
 - **Lexislativo:** reside no **Parlamento** (elabora e vota as leis).
 - **Executivo:** reside no **Goberno** (determina e aplica a política do Estado).
 - **Xudicial:** reside nos **xuíces** (xulga conflitos e castiga o non cumprimento das leis).
- **O ESTADO DEMOCRÁTICO ESPAÑOL: INSTITUCIÓNS**



- **O exercicio do poder** → Os cidadáns/ás participan a través de:
 - **Referendo:** Consulta aos cidadáns/ás dunha cuestión, que aceptan ou rexeitan.
 - **Eleccións:** Os cidadáns/ás escollen periodicamente os seus representantes políticos (en España cada catro anos).

3. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

O Estado español é **descentralizado**, de xeito que o poder se reparte entre unidades territoriais con capacidade de autogoberno nos asuntos da súa competencia: comunidades autónomas, provincias e municipios.

- **MUNICIPIOS.** Son a unidade territorial básica (termo municipal). O seu goberno está nas mans do alcalde ou alcaldesa e dos concelleiros/as. Pódense formar **MANCOMUNIDADES** cando se produce a agrupación de municipios para xestionar mellor os servizos.
- **PROVINCIAS.** Son agrupacións de varios municipios. A provincia é á vez unha división territorial e unha entidade local que presta servizos aos municipios. O organismo de goberno da provincia é a **Deputación Provincial** que se encarga do goberno e administración da provincia. A provincia ten unha serie de funcións: serve de circunscrición electoral; é unha división territorial para a administración do Estado e das Comunidades Autónomas; coopera cos municipios e encárgase da coordinación supramunicipal.
- **COMUNIDADES AUTÓNOMAS.** Na **Constitución de 1978** establécese a descentralización do Estado como base da organización territorial. España está formada por 17 Comunidades Autónomas e 2 Cidades Autónomas. As **Comunidades Autónomas** están rexidas polo **Estatuto de Autonomía**, lei fundamental que regula o autogoberno de cada comunidade. En cada Estatuto recóllese a denominación, delimitación territorial, símbolos, institucións e competencias. Estas competencias poden ser: **plenas** (organización das actividades económicas, sociais, sanitarias, culturais, urbanismo, deporte, transportes...) e **compartidas** polo Estado (estradas, lexislación laboral). Tamén aparecen as institucións de goberno da Comunidade Autónoma correspondente:
 - **Parlamento** ou **Asemblea**. Aproba as leis, controla ao goberno autonómico, elixe ao Presidente e aproba os orzamentos.
 - **Presidente**. Representa a Comunidade Autónoma, forma e dirixe o goberno.
 - **Goberno** ou **Consello** (Presidente e Conselleiros) (Consell en Balears, Cabildo en Canarias). Executa e fai cumprir as leis aprobadas polo Parlamento e as que proceden do Estado.

4. ORGANIZACIÓN SUPRANACIONAL

Os Estados desenvólvense relacionándose entre si para solucionar problemas que necesitan actuacións coordinadas. Os Estados actúan conxuntamente a través de:

- **Tratados e Convenios Internacionais** sobre control de armamento, non proliferación de armas nucleares, cambio climático, etc.

- **Declaracións Internacionais de Dereitos:** Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Dereitos da Infancia, Eliminación da Discriminación da Muller. Malia que recollen principios fundamentais, non todos os países asinaron.
- **Organizacións supranacionais.** Despois da Segunda Guerra Mundial creáronse organización de Estados para resolver conxuntamente os problemas.
 - Organizacións de **ámbito mundial:** ONU (Organización das Nacións Unidas), OMC (Organización Mundial do Comercio).
 - Organizacións de **ámbito continental ou rexional:** OTAN, UE, OEA, Liga Árabe.

A ONU (Organización das Nacións Unidas)

É a organización supranacional máis importante, creada en **1945** por 51 Estados (na actualidade son 193 de 197). Todos os países membros compoñen a **Asemblea Xeral**, 15 países forman o **Consello de Seguridade** (5 permanentes e 10 temporais), e o **Secretario Xeral** representa e coordina. Completan o organigrama o **Consello Económico e Social** e a **Corte Internacional de Xustiza**. Na Carta fundacional recóllense os **obxectivos**:

- Manter a paz e a seguridade internacionais.
- Fomentar as relacións de amizade baseadas na igualdade de dereitos e a libre determinación dos pobos.
- Cooperar na solución de problemas internacionais de tipo económico, social, cultural e humanitario.
- Desenvolver e estimular o respecto aos dereitos humanos.

Fóronse creando outras organizacións para desenvolver obxectivos concretos, como as **axencias** das que son exemplo a **UNICEF** (para protexer a infancia e a xuventude), ou a **UNESCO** (para acadar a paz e o benestar social a través da cultura).

5. A UNIÓN EUROPEA

A idea de crear un mercado común europeo faise realidade en **1957** co **Tratado de Roma**, con Alemaña, Francia, Italia, Bélxica, Países Baixos e Luxemburgo como fundadores. Créase a **Comunidade Económica Europea (CEE)**, que pretenderá a creación dun mercado interior único no que sexa posible a libre circulación de bens, servizos, persoas e capitais; o fomento da libre competencia e o desenvolvemento dunhas leis comúns para os Estados membros.

En **1992** o **Tratado da Unión Europea (UE)** asinado en Maastricht establece a libre circulación coa eliminación das fronteiras internas entre os Estados membros. Estableceuse a unión monetaria, a participación cidadá a través das eleccións ao Parlamento Europeo, fixéronse políticas de solidariedade interna coas rexións menos desenvolvidas e presentou obxectivos para a política exterior e a defensa común. En 1999 decídese que o **euro** sería a moeda común (adoptada por 11 dos 15 Estados membros nese momento), que empeza a circular en 2002. Progresivamente entrarían na Unión Económica e Monetaria outros Estados. O euro eliminou moitos obstáculos para a libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais.

Os países que compoñen a UE réxense polos mesmos valores fundamentais: a paz, a democracia, o Estado de dereito e o respecto aos dereitos humanos, e os **obxectivos básicos** da UE son:

- **Impulso do progreso económico e social**, establecendo un espazo de libre circulación ou mercado único mediante a implantación da moeda única, e destinando recursos á investigación, á formación e á creación de emprego.
- A **afirmación da identidade europea** no ámbito internacional, impulsando axudas humanitarias a países extracomunitarios e participando na solución de problemas internacionais.
- A **implantación da cidadanía europea**, establecendo dereitos e deberes comúns para todos os cidadáns e cidadás da UE.
- O **desenvolvemento dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza**, garantindo que todos os cidadáns e cidadás da UE poidan circular libremente polos Estados membros, e loitando contra a delincuencia e o terrorismo.
- O **mantemento e desenvolvemento do sentido comunitario**, mediante leis e normas comúns en todos os Estados da UE.

Porén, a UE está formada por un conxunto heteroxéneo de Estados, tanto polos seus niveis de desenvolvemento como pola súa diversidade cultural. As diferenzas sociais económicas danse entre Estados e entre as rexións dun mesmo Estado. Foi fundamental reducir as disparidades rexionais para asegurar un desenvolvemento equilibrado. Os **fondos estruturais** e os **fondos de cohesión** son a base para conseguir esa política económica solidaria e utilízanse para: préstamos para investimentos nas rexións máis pobres, infraestruturas para transporte e subministro de enerxía, obras públicas para solución de problemas no medio natural, políticas comúns nos ámbitos cultural e educativo, creación de postos de traballo, préstamos e concesións para os sectores agrícola e pesqueiro.

As sucesivas ampliacións, sobre todo de 2004 a 2007, puxeron de manifesto os desequilibrios entre os novos e vellos membros. Para reducir as diferenzas destináronse parte importante dos fondos comunitarios a eses novos Estados membros.

País	Año de ingreso	País	Año de ingreso
Alemania	1958 (Fundador)	Suecia	1995
Italia	1958 (Fundador)	República Checa	2004
Francia	1958 (Fundador)	Chipre	2004
Holanda	1958 (Fundador)	Eslovaquia	2004
Bélgica	1958 (Fundador)	Eslovenia	2004
Luxemburgo	1958 (Fundador)	Estonia	2004
Dinamarca	1973	Hungría	2004
Irlanda	1973	Letonia	2004
Reino Unido	1973-2020	Lituania	2004
Grecia	1981	Malta	2004
España	1986	Polonia	2004
Portugal	1986	Bulgaria	2007
Austria	1995	Rumania	2007
Finlandia	1995	Croacia	2013